

## **INFORME DE AUDITORÍA DE CUENTAS ANUALES ABREVIADAS EMITIDO POR UN AUDITOR INDEPENDIENTE**

Al Órgano de Gestión (Patronato) de la Fundación Universidad de Santiago de Compostela, M.P.

### **Opinión**

Hemos auditado las cuentas anuales de la Fundación Universidad de Santiago de Compostela, M.P., que comprenden el balance a 31 de diciembre de 2019, la cuenta de pérdidas y ganancias y la memoria, correspondientes al ejercicio terminado en dicha fecha.

En nuestra opinión, las cuentas anuales adjuntas expresan, en todos los aspectos significativos, la imagen fiel del patrimonio y de la situación financiera de Fundación Universidad de Santiago de Compostela, M.P. a 31 de diciembre de 2019, así como de sus resultados correspondientes al ejercicio anual terminado en dicha fecha, de conformidad con el marco normativo de información financiera que resulta de aplicación (que se identifica en la nota 2 de la memoria adjunta) y, en particular, con los principios y criterios contables contenidos en el mismo.

## **Fundamento de la opinión**

Hemos llevado a cabo nuestra auditoría de conformidad con la normativa reguladora de la actividad de auditoría de cuentas vigente en España. Nuestras responsabilidades de acuerdo con dichas normas se describen más adelante en la sección *Responsabilidades del auditor en relación con la auditoría de las cuentas anuales* de nuestro informe.

Somos independientes de la Sociedad de conformidad con los requerimientos de ética, incluidos los de independencia, que son aplicables a nuestra auditoría de las cuentas anuales en España según lo exigido por la normativa reguladora de la actividad de auditoría de cuentas. En este sentido, no hemos prestado servicios distintos a los de la auditoría de cuentas ni han concurrido situaciones o circunstancias que, de acuerdo con lo establecido en la citada normativa reguladora, hayan afectado a la necesaria independencia de modo que se haya visto comprometida.

Consideramos que la evidencia de auditoría que hemos obtenido proporciona una base suficiente y adecuada para nuestra opinión.

## **Aspectos más relevantes de la auditoría**

Los aspectos más relevantes de la auditoría son aquellos que, según nuestro juicio profesional, han sido considerados como los riesgos de incorrección material más significativos en nuestra auditoría de las cuentas anuales del periodo actual. Estos riesgos han sido tratados en el contexto de nuestra auditoría de las cuentas anuales en su conjunto, y en la formación de nuestra opinión sobre éstos, y no expresamos una opinión por separado sobre esos riesgos.

Hemos determinado que no existen riesgos más significativos considerados en la auditoría que se deban comunicar en nuestro informe.

## **Otras cuestiones**

Los ingresos procedentes de la Universidad de Santiago de Compostela y de la actividad denominada "Verán CampusUSC" superan el 80% del volumen global de ingresos de la Fundación.

## **Responsabilidad del Órgano de Gestión en relación con las cuentas anuales**

El Órgano de Gestión de la Fundación es responsable de formular las cuentas anuales adjuntas, de forma que expresen la imagen fiel del patrimonio, de la situación financiera y de los resultados de la entidad, de conformidad con el marco normativo de información financiera aplicable a la entidad en España, y del control interno que consideren necesario para permitir la preparación de cuentas anuales libres de incorrección material, debida a fraude o error.

En la preparación de las cuentas anuales, el Órgano de Gestión de la Fundación es responsable de la valoración de la capacidad de la entidad de continuar como empresa en funcionamiento, revelando, según corresponda, las cuestiones relacionadas con la empresa en funcionamiento y utilizando el principio contable de empresa en funcionamiento excepto si dicho órgano tiene intención de liquidar la entidad o de cesar sus operaciones, o bien no exista otra alternativa realista.

## **Responsabilidades del auditor en relación con la auditoría de las cuentas anuales**

Nuestros objetivos son obtener una seguridad razonable de que las cuentas anuales en su conjunto están libres de incorrección material, debida a fraude o error, y emitir un informe de auditoría que contiene nuestra opinión. Seguridad razonable es un alto grado de seguridad, pero no garantiza que una auditoría realizada de conformidad con la normativa reguladora de la actividad de auditoría vigente en España siempre detecte una incorrección material cuando existe. Las incorrecciones pueden deberse a fraude o error y se consideran materiales si, individualmente o de forma agregada, puede preverse razonablemente que influyan en las decisiones económicas que los usuarios toman basándose en las cuentas anuales.

Como parte de una auditoría de conformidad con la normativa reguladora de la actividad de auditoría de cuentas en España, aplicamos nuestro juicio profesional y mantenemos una actitud de escepticismo profesional durante toda la auditoría. También:

- Identificamos y valoramos los riesgos de incorrección material en las cuentas anuales, debida a fraude o error, diseñamos y aplicamos procedimientos de auditoría para responder a dichos riesgos y obtenemos evidencia de auditoría suficiente y adecuada para proporcionar una base para nuestra opinión. El riesgo de no detectar una incorrección material debida a fraude es más elevado que en el caso de una incorrección material debida a error, ya que el fraude puede implicar colusión, falsificación, omisiones deliberadas, manifestaciones intencionadamente erróneas, o la elusión del control interno.

- Obtenemos conocimiento del control interno relevante para la auditoría con el fin de diseñar procedimientos de auditoría que sean adecuados en función de las circunstancias, y no con la finalidad de expresar una opinión sobre la eficacia del control interno de la entidad.
- Evaluamos si las políticas contables aplicadas son adecuadas y la razonabilidad de las estimaciones contables y la correspondiente información revelada por el Órgano de Gestión.
- Concluimos sobre si es adecuada la utilización, por el Órgano de Gestión de la Fundación, del principio contable de empresa en funcionamiento y, basándonos en la evidencia de auditoría obtenida, concluimos sobre si existe o no una incertidumbre material relacionada con hechos o con condiciones que pueden generar dudas significativas sobre la capacidad de la Sociedad para continuar como empresa en funcionamiento. Si concluimos que existe una incertidumbre material, se requiere que llamemos la atención en nuestro informe de auditoría sobre la correspondiente información revelada en las cuentas anuales o, si dichas revelaciones no son adecuadas, que expresemos una opinión modificada. Nuestras conclusiones se basan en la evidencia de auditoría obtenida hasta la fecha de nuestro informe de auditoría. Sin embargo, hechos o condiciones futuros pueden ser causa de que la Sociedad deje de ser una empresa en funcionamiento.
- Evaluamos la presentación global, la estructura y el contenido de las cuentas anuales y de sus notas explicativas, y si las cuentas anuales representan las transacciones y hechos subyacentes de un modo que logran expresar la imagen fiel.

Nos comunicamos con Órgano de Gestión de la entidad en relación con, entre otras cuestiones, el alcance y el momento de realización de la auditoría planificados y los hallazgos significativos de la auditoría, así como cualquier deficiencia significativa del control interno que identificamos en el transcurso de la auditoría.

Entre los riesgos significativos que han sido objeto de comunicación al Órgano de Gestión de la entidad, determinamos los que han sido de la mayor significatividad en la auditoría de las cuentas anuales del periodo actual y que son, en consecuencia, los riesgos considerados más significativos.

Describimos esos riesgos en nuestro informe de auditoría salvo que las disposiciones legales o reglamentarias prohíban revelar públicamente la cuestión.

En Santiago de Compostela, a 28 de diciembre de 2021.

Eufemia Díaz Casariego

Randulfe y Casariego Auditores, S.L.P. CIF: B-70248513

NÚMERO ROAC S-2026

**Contas Anuais**  
**Fundación Universidade de Santiago de Compostela**  
**2019**

Contas anuais a 31 de decembro de 2019

# ÍNDICE

I. Balance de situación a 31.12.19 .....	2
II. Conta de resultados a 31.12.19.....	3
III. Memoria .....	4
III.1 Actividade da entidade.....	4
III.2 Bases de presentación das contas anuais.....	6
III.3 Excedente do exercicio.....	7
III.4 Normas de rexistro e valoración.....	8
III.5 Inmobilizado intanxible, material e investimentos inmobiliarios.....	18
III.6 Débedas e Instrumentos financeiros .....	20
III.7 Patrimonio Neto e Pasivo.....	23
III.8 Existencias.....	25
III.9 Subvencións, doazóns e legados.....	25
III.10 Situación fiscal.....	26
III.11 Ingresos e gastos.....	26
III.12 Actividades da entidade .....	28
III.13 Operacións con partes vencelladas.....	45
III.14 Outra información.....	47
III.15 Bases de presentación da liquidación do orzamento .....	49
III.16 Información da liquidación do orzamento.....	49
III.17 Inventario.....	50





## I. Balance de situación a 31.12.19

ACTIVO	2019	2018
<b>A) ACTIVO NON CORRENTE</b>	<b>680,06</b>	<b>1.485,86</b>
I. Inmobilizado intanxible	0,00	0,00
II. Bens do Patrimonio Histórico	0,00	0,00
III. Inmobilizado material	680,06	1.485,86
IV. Investimentos inmobilizados	0,00	0,00
V. Investimentos en entidades do grupo e asociadas a longo prazo	0,00	0,00
VI. Investimentos financeiros a longo prazo	0,00	0,00
VII. Activos por impostos diferido	0,00	0,00
<b>B) ACTIVO CORRENTE</b>	<b>78.838,58</b>	<b>78.884,64</b>
I. Existencias	0,00	0,00
II. Usuarios e outros debedores da actividade propia	25.448,91	35.822,27
III. Debedores comerciais e outras contas a cobrar	14.331,58	9.000,00
IV. Investimentos en entidades do grupo e asociadas a curto prazo	0,00	0,00
V. Investimentos financeiros a curto prazo	400,00	7.400,00
VI. Periodificacións a curto prazos	0,00	0,00
VII. Efectivo e outros activos líquidos equivalentes	38.658,09	26.662,37
<b>TOTAL ACTIVO (A+B)</b>	<b>79.518,64</b>	<b>80.370,50</b>

PATRIMONIO NETO E PASIVO		2019	2018
<b>A)</b>	<b>PATRIMONIO NETO</b>	<b>54.264,44</b>	<b>60.083,33</b>
A1)	Fondos propios	54.264,44	60.083,33
I.	Dotación fundacional	30.000,00	30.000,00
II.	Reservas	3.612,66	3.612,66
III.	Excedentes de exercicios anteriores	26.470,67	44.308,78
IV.	Excedente do exercicio	-5.818,89	-17.838,11
A2)	Axustes por cambio de valor	0,00	0,00
A3)	Subvencións, doazóns e legados recibidos	0,00	0,00
<b>B)</b>	<b>PASIVO NON CORRENTE</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>
I.	Provisións a longo prazo	0,00	0,00
II.	Débedas a longo prazo	0,00	0,00
III.	Débedas con entidades do grupo e asociados	0,00	0,00
IV.	Pasivos por impostos diferidos	0,00	0,00
V.	Periodificacións a longo prazo	0,00	0,00
<b>C)</b>	<b>PASIVO CORRENTE</b>	<b>25.254,20</b>	<b>20.287,17</b>
I.	Provisión a curto prazo	0,00	0,00
II.	Débeda a curto prazo	0,00	0,00
IV.	Débedas con entidades do grupo e asociados	0,00	0,00
V.	Beneficiarios - Acredores	0,00	0,00
VI.	Acredores comerciais e outras contas a pagar	25.254,20	20.287,17
	1. Provedores	5.436,49	372,26
	2. Acredores	19.817,71	19.914,91
VII.	Periodificacións a curto prazo	0,00	0,00
<b>TOTAL PATRIMONIO NETO E PASIVO(A+B+C)</b>		<b>79.518,64</b>	<b>80.370,50</b>

## II. Conta de Resultados a 31.12.19

CONTA DE PERDAS E GANANCIAS		2.019	2.018
1.	Ingresos da entidade pola actividade propia	564.135,68	558.459,64
	a) Cotas de usuarios e afiliados	112.213,33	117.051,03
	b) Achegas de usuarios	0,00	0,00
	c) Ingresos de promocións, patrocinadores e colaboración	17.800,77	12.618,61
	d) Subvencións, doazóns e legados de explotación imputados a resultados do exercicio afectas á actividade propia	434.121,58	428.790,00
	e) Reintegro de axudas e asignacións	0,00	0,00
2.	Gastos por axudas e outros	0,00	0,00
	a) Axudas monetarias	0,00	0,00
	b) Axudas non monetarias	0,00	0,00
	c) Gastos por colaboracións e do órgano de goberno	0,00	0,00
	d) Reintegro de subvencións, doazóns e legados	0,00	0,00
3.	Variac. de exist. de produc. rematados en curso de fabricación	0,00	0,00
4.	Traballos realizados pola entidade para o seu activo	0,00	0,00
6.	Aprovisionamentos	0,00	0,00
6.	Outros ingresos de explotación	0,00	0,00
7.	Gastos de persoal	-467.404,26	-467.994,60
8.	Outros gastos de explotación	-101.744,51	-107.262,75
9.	Amortización do inmovilizado	-805,80	-1.040,40
10.	Subvencións, doazóns, e legados de capital traspasados ó resultado do exercicio	0,00	0,00
11.	Excesos de provisión	0,00	0,00
12.	Deterioro e resultado por alleamento de inmovilizado	0,00	0,00
A.1)	EXCEDENTE DA ACTIVIDADE (1+2+3+4+5+6+7+8+9+10+11+12+12)	-5.818,89	-17.838,11
13.	Ingresos financeiros	0,00	0,00
14.	Gastos financeiros	0,00	0,00
15.	Variacións de valor razoable en instrumentos financeiros	0,00	0,00
16.	Diferenzas de cambio	0,00	0,00
17.	Deterioro e result. por alleamento de instrumentos financeiros	0,00	0,00
A.2)	EXCEDENTE DAS OPERACIONES FINANCIERAS (13+14+15+16+17)	0,00	0,00
A.3)	EXCENDETE ANTES DE IMPOSTOS (A.1+A.2)	-5.818,89	-17.838,11
18.	Imposto sobre beneficios	0,00	0,00
A.4)	Variación de patrimonio neto recoñecida no exercicio (A.3+18)	-5.818,89	-17.838,11
B)	Ingresos e gastos imputados directamente ao patrimonio neto	0,00	0,00
1.	Subvencións recibidas	0,00	0,00
2.	Doazóns e legados recibidos	0,00	0,00
3.	Outros ingresos e gastos	0,00	0,00
4.	Efecto impositivo	0,00	0,00
C.1)	Variación de patrimonio neto por reclasificación ao excedente do exercicio (1+2+3+4)	0,00	0,00
D)	Variación de patrimonio neto por ingresos e gastos imputados directamente ao patrimonio neto (B.1+C.1)	0,00	0,00
E)	Axustes por cambios de valor	0,00	0,00
F)	Axustes por erros	0,00	0,00
G)	Variación na dotación fundacional	0,00	0,00
H)	Outras variacións	0,00	0,00
I)	RESULTADO TOTAL, VARIACIÓN DO PATRIMONIO NETO NO EXERCICIO (a.4+D+E+F+G+H)	-5.818,89	-17.838,11

### **III. 1 Actividade da entidade**

#### **1. Constitución**

A **Fundación Universidade de Santiago de Compostela M.P.** (en diante **Fundación**), anteriormente denominada **Fundación USC-Deportiva** constitúese o 9 de novembro de 2007 como unha organización de natureza fundacional acorde coa Lei de Fundacións de Interese Galego, sen ánimo de lucro e cuxo patrimonio está afectado de modo duradeiro á realización dos fins de interese xeral propios da institución.

Atópase inscrita no Rexistro de Fundacións de Interese Galego, sección da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza da Xunta de Galicia con número 2007/18 mediante Orde de 28 de decembro de 2007. Mediante Orde de 7 de decembro de 2007 califícase como de interese deportivo esta Fundación.

O código de identificación fiscal (CIF) da Fundación é o G-70.123.971

Durante o exercicio 2019 prodúcese a conversión en medio propio personificado da Universidade de Santiago de Compostela o que precisa a modificación de estatutos da Fundación. De acordo cos seus estatutos ten como finalidade de interese xeral colaborar na promoción e desenvolvemento dos fins propios da Universidade de Santiago de Compostela, contribuíndo a exercer con eficacia e eficiencia as funcións que a institución ten asignadas así como a promoción, incentivo e desenvolvemento da actividade físico-deportiva preferentemente na Comunidade Autónoma Galega.

A finalidade de interese xeral da Fundación poderase exercer ben por propia iniciativa, ben por medio dos encargos que a Universidade lle realice.

En particular, a Fundación ten como fins propios os seguintes:

1. Prestar os servizos de carácter complementario ou instrumental que sexan necesarios para que a Universidade realice as súas funcións básicas e que non supoñan o exercicio da función de autoridade.
2. Colaborar coa Universidade de Santiago de Compostela no desenvolvemento e xestión daquelas actividades que contribúan a unha mellor asistencia á comunidade universitaria.
3. Canalizar, a través dos instrumentos oportunos, a cooperación entre a Universidade, os axentes económicos e entidades e institucións de calquera natureza.
4. Promover a realización de actividades que favorezan a integración da Universidade na súa contorna económica, social, cultural e deportiva.
5. Fomentar, promover e xestionar actividades relacionadas coa extensión universitaria por si mesma ou en colaboración con outras institucións.
6. Fomentar, promover, xestionar, organizar e prestar servizos relacionados coa actividade físico – deportiva, así como a realización de accións subordinadas, relacionadas ou accesorias a aquela, preferentemente na Comunidade Autónoma Galega.

## 2. Actividades

Para a consecución dos fins mencionados, a Fundación poderá levar a cabo, entre outras cousas, as seguintes actividades (art.7):

1. Xestionar, prestar, organizar e realizar actividades e servizos instrumentais da Universidade de Santiago de Compostela.
2. Formalizar convenios ou acordos de colaboración ou intercambio con empresas, organismos e institucións, nacionais ou estranxeiras, así como participar nas citadas entidades cando así sexa preciso para a mellor consecución dos seus fins.
3. Desenvolver modelos de colaboración e cooperación que contribúan á sostibilidade económica da Fundación e da Universidade de Santiago de Compostela.
4. Subscribir contratos con persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas, para o cumprimento dos seus fins, incluídos os contratos de patrocinio que contribúan á sostibilidade económica e ao máximo aproveitamento das actividades da Fundación e da Universidade.
5. Realizar todo tipo de actividades de formación non regrada que resulten de interese vinculadas ás actividades que desenvolva.
6. O exercicio das actividades económicas precisas para o cumprimento dos seus fins, así como todas aquelas accións subordinadas ou accesorias á actividade principal.
7. Recadar fondos, incluso recorrendo a financiamento alleo, empregándose no financiamento e promoción dos seus fins.
8. Tramitación diante das administracións, institucións e outras entidades das correspondentes solicitudes de subvencións, axudas, así como a xestión de doazóns que aporten recursos para o cumprimento dos fins fundacionais.
9. En xeral, cantas actuacións sexan necesarias para a consecución dos fins que constitúen o seu obxecto.

O domicilio da Fundación radica na Rúa Lope Gómez de Marzoa s/n, Edificio Feuga, Despachos 2 e 3, de Santiago de Compostela.

## 3. Réxime legal

A Fundación réxese polos seus propios estatutos e pola normativa que lle sexa de aplicación, en particular:

- Lei do Parlamento de Galicia 12/2006, do 1 de decembro, de Fundacións de Interese Galego
- Decreto 14/2009, do 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de Fundacións de Interese Galego
- Lei Orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de Universidades.
- Lei 50/2002, de 26 de decembro, de Fundacións, e polas normas regulamentarias que a desenvolvan



- Lei 49/2002, do 32 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais do mecenado
- R.D. 1270/2003, de 10 de outubro, polo que se aproba o regulamento para a aplicación de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado
- Lei 40/2015 do 1 de outubro de réxime xurídico do sector público.
- Lei 7/2004, para a igualdade de homes e mulleres.
- Lei Orgánica 3/2007, de 3 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes.

#### **4. Entidades vinculadas**

A fundación non pertence a ningún grupo de sociedades, nos termos do artigo 42 do código de comercio.

#### **5. Moeda funcional**

A moeda de presentación destas contas anuais e funcional de Fundación é o euro.

### **III. 2 Bases de presentación das contas anuais**

#### **1. Imaxe Fiel**

As contas anuais do exercicio 2019 foron formuladas a partir dos rexistros contables a 31 de decembro, aplicándose as disposicións legais vixentes en materia contable, e preséntase seguindo as normas contempladas no Real Decreto Lexislativo 1491/11, de 24 de outubro, polo que se aproba o Plan Xeral de contabilidade das Entidades Sen Fins Lucrativos na súa adaptación publicada o 09 de abril de 2013 para o PYMESFL.

As contas anuais reflicten a imaxe fiel do patrimonio, da situación financeira e dos resultados da Fundación, así como o grado de cumprimento das actividades.

As contas anuais do exercicio 2018 foron aprobadas polo padroado da Fundación, o 27 de xuño de 2019.

#### **2. Principios contables aplicados**

Os principios e criterios contables aplicados para a elaboración destas contas anuais son os que se presentan no apartado III.4 das normas de rexistro e valoración.

A Fundación non necesita aplicar ningún principio contable non obrigatorio para amosar a imaxe fiel do patrimonio, da situación financeira e dos resultados da mesma.

### **3. Aspectos críticos da valoración e estimación da incerteza.**

A Entidade elaborou as súas contas anuais baixo o principio de entidade en funcionamento.

Á data de peche destas contas anuais non hai ningún aspecto crítico de valoración acerca do futuro da Fundación, así como tampouco outros datos relevantes sobre a estimación da incerteza que poidan supoñer cambios significativos no valor dos activos ou pasivos no seguinte exercicio.

### **4. Comparación da información**

As contas anuais da Fundación para o exercicio 2019 e 2018 están integradas polos documentos esixidos na disposición específica RD 1491/11 de 24 de outubro, polo que se aproba o Plan Xeral de Contabilidade das Entidades Sen Fins Lucrativos e utilizouse a estrutura do balance e da conta de resultados segundo a disposición publicada o 09 de abril 2013 no que se aproba o Plan de Contabilidade de pequenas e medianas empresas sen fins lucrativos PYMESFL. Ambos exercicios son comparables.

### **5. Agrupación de partidas**

As partidas que foron obxecto de agrupación no Balance e na Conta de Resultados figuran desagregadas noutros apartados desta memoria.

### **6. Elementos recollidos en varias partidas**

Identifícanse os elementos patrimoniais, co seu importe, que están rexistrados en dúas ou máis partidas do balance, con indicación destas e do importe incluído en cada unha delas.

### **7. Cambios en criterios contables.**

No exercicio non se producen axustes por cambios en criterios contables.

### **8. Corrección de erros**

No exercicio non se producen axustes por corrección de erros.

## **III. 3 Excedente do exercicio**

Tal e como se desprende da conta de resultados de Fundación, o exercicio económico 2019 péchase cun saldo negativo de 5.818,89 €.

Bases de reparto	2019	2018
Excedente do exercicio	(5.818,89)	(17.838,11)

Aplicación	2019	2018
Excedentes (-) de exercicios anteriores	(5.818,89)	(17.838,11)
Excedentes (+) de exercicios anteriores	-	-

### **III. 4 Normas de rexistro e valoración**

#### **4.1. Inmobilizado Intanxible**

Os bens comprendidos no immobilizado intanxible valóranse polo prezo de adquisición ou custe de produción.

En concreto, os programas de ordenador que cumpren con criterio de identificabilidade inclúense no activo, tanto os adquiridos a terceiros como os elaborados pola propia entidade para si mesma, utilizando os medios de que dispón, entendéndose incluídos os gastos de desenvolvemento das páxinas web.

En ningún caso figuran no activo os gastos de mantemento da aplicación informática.

A amortización dos elementos de immobilizado intanxible efectúase seguindo un criterio lineal, en función da vida útil estimada, que se considera que é de 10 anos para a marca e de 3 e 7,7 anos para as aplicacións informáticas.

#### **4.2. Inmobilizado Material**

Os distintos activos comprendidos neste epígrafe valórase polo seu prezo de adquisición ou custe de produción menos a amortización acumulada e, no seu caso, o importe acumulado das correccións valorativas por deterioro recoñecidas.

Asemade, formará parte do immobilizado material, a estimación inicial do valor actual das obrigas asumidas derivadas do desmantelamento ou retiro e outras asociadas ao citado activo, tales como os custos de rehabilitación de lugar sobre o que se asenta, sempre que estas obrigas dean lugar ao rexistro de provisións.

Para as construcións forman parte do prezo de adquisición ou custe de produción, asemade de todas aquelas instalacións e elementos que teñan carácter de permanencia, as taxas inherentes á construción e os honorarios facultativos de proxecto e dirección de obra.

O valor dos terreos nos que se atopan situados os inmobles e outras construcións, non se presentan de xeito separado, dada a escasa relevancia dos mesmos no total dos activos.

As instalacións técnicas, maquinaria e utillaxe valóranse a prezo de adquisición ou custe de fabricación e construción ata a súa posta en condicións de funcionamento.

Os gastos realizados durante o exercicio con motivo das obras e traballos que a entidade leve a cabo para si mesma, cargaranse nas contas de gastos que correspondan. As contas de inmovilizacións materiais en curso, cargaranse polo importe de ditos gastos, con abono á partida de ingresos que recolle os traballos realizados pola entidade para a mesma.

Os custes de renovación, ampliación ou mellora dos bens do inmovilizado material son incorporados ao activo como maior valor do ben na medida en que supoñen un aumento da súa capacidade, produtividade ou alongamento da súa vida útil, dándose de baixa o valor contable dos elementos que se substituirán.

Na determinación do importe de inmovilizado material terase en conta a incidencia dos custos relacionados con grandes reparacións. O importe destes custos amortizarase de xeito distinta ao do resto do elemento, durante o período que medie ata a gran reparación.

As amortizacións practícanse de forma lineal, estimando un valor residual nulo, en función dos seguintes anos de vida útil:

Descrición	% Amortización	Anos Amortización
Utillaxe	33%	3
Mobiliario	10-50%	2-10
Equipos proceso información	15-33%	3-6,67
Elementos de transporte	16-50%	2-6,25
Outro inmovilizado	10-50%	2-10

Amortízase de xeito independente cada parte dun elemento de inmovilizado material que teña un custe significativo en relación co custe total do elemento e unha vida útil distinta do resto.

Os cambios que, no seu caso, puideran orixinarse no valor residual, a vida útil é o método de amortización dun activo, contabilizarase como un cambio na estimación contable, salvo que se tratara dun erro.

Á data de peche de cada exercicio, a entidade avalía o valor neto contable do seu inmovilizado para comprobar se hai perdas por deterioro no valor dos activos.



### 4.3. Inversión Inmobiliaria

Os terreos ou construcións que a entidade destine á obtención de ingresos por arrendamento ou posúa coa finalidade de obter plusvalías a través do seu alleamento, fora do curso ordinario das súas operacións inclúense neste epígrafe.

Os criterios anteriores relativos ao inmovilizado material, aplicáronse aos investimentos inmobiliarios.

### 4.4. Arrendamentos

Un contrato de arrendamento defínemolo como financeiro cando das condicións económicas do contrato se transfiran aos arrendatarios substancialmente tódolos riscos e beneficios inherentes á propiedade do activo obxecto do contrato. Nos arrendamentos con opción de compra, cando non existan dúbidas razoables de que exercitaremos dita opción.

Aínda que non exista opción de compra, presumírase a transferencia substancial de riscos e beneficios nos seguintes casos:

- Cando a propiedade do activo se transfira ao arrendatario ao finalizar o prazo de arrendamento
- Cando o período de aluguer coincida ou cubra a maior parte da vida do activo
- Cando ao inicio do contrato o valor actual das cantidades a pagar equivallan á práctica totalidade do valor razoable do activo.
- Cando as características dos activos arrendados fagan que a súa utilidade quede restrinxida ao arrendatario
- Cando o arrendatario poida cancelar o contrato de arrendamento, pero asuma as perdas sufridas polo arrendador a causa de tal cancelación
- Cando as perdas ou ganancias derivadas das fluctuacións do valor razoable do importe residual recaian sobre o arrendatario
- Cando o arrendatario poida prorrogar o arrendamento cuns pagos substancialmente inferiores aos habituais do mercado.

O criterio de contabilización do arrendatario, levarase a cabo coas seguintes regras:

- O activo o contabilizamos, segundo a súa natureza, como inmovilizado material ou, no seu caso, como intanxible
- O activo e a débeda contabilízanse polo menor de:
  - O valor razoable do activo arrendado
  - O valor actual dos pagos durante a opción de compra se non hai dúbidas razoables do seu exercicio e excluindo:
- As contas de carácter contingente (os pagos por arrendamento cuxo importe non sexa fixo senón que dependa da evolución dunha variable) e que será gasto do exercicio no que se produzan

Handwritten signature and a circular stamp or mark.

- O custe dos servicios e impostos repercutibles polo arrendador
  - Os gastos directos iniciais (posta a punto) imputarase como maior valor do activo.
  - A carga financeira non se activará, senón que imputarase a gastos a través do tipo efectivo
- O criterio de contabilización do arrendador, levarase a cabo coas seguintes regras:
- No activo recoñeceremos un crédito polo importe do valor actual dos cobros futuros
  - A diferenza entre o crédito contabilizado e a cantidade total a cobrar corresponderá a intereses non devengados e imputarase a resultados segundo se devenguen, de acordo co tipo de interese efectivo.

Un contrato de arrendamento operativo é aquel que non ten carácter de arrendamento financeiro.

- Como arrendatario contabilizamos como un gasto do exercicio tódalas cotas devengadas.
- Como arrendador contabilizamos o activo como un inmovilizado que amortizamos na súa vida útil e os ingresos do contrato os contabilizaremos como un ingreso do exercicio.

#### 4.5. Permutas

Consideramos permuta de carácter comercial aquela na que a configuración (risco, calendario e importe) dos fluxos de efectivo do inmovilizado recibido difira da configuración dos fluxos de efectivo do activo entregado, ou

O valor actual dos fluxos de efectivo despois de impostos das actividades da entidade afectadas pola permuta, se vexa modificado como consecuencia da operación.

Sendo necesario que calquera das diferenzas xurdidas polas anteriores causas, resulte significativa ao comparala co valor razoable dos activos intercambiados.

Nas operacións de permuta de carácter comercial, o inmovilizado material recibido valorarase polo valor razoable do activo entregado máis, no seu caso, as contrapartidas monetarias que se houberan entregado a cambio, salvo que se teña unha evidencia máis clara do valor razoable do activo recibido e co limite deste último. As diferenzas de valoración que puideran xurdir ao dar de baixa o elemento entregado a cambio terán como contrapartida a Conta de Resultados.

Presumirase non comercial toda permuta de activos da mesma natureza e uso para a entidade.

Cando a permuta non ten carácter comercial ou cando non poida obterse unha estimación fiable do valor razoable dos elementos que interveñen na operación, o inmovilizado material recibido valorarase polo valor contable do ben entregado máis, no seu caso, as contrapartidas monetarias que se entregaran a cambio, co limite, cando estea dispoñible, do valor razoable do inmovilizado recibido se este é menor.

## 4.6. Instrumentos financeiros

### a) Activos financeiros

Os activos financeiros rexístranse inicialmente ao seu custe de adquisición, incluíndo os custes inherentes á operación. A entidade clasifica os seus investimentos financeiros, xa sexan estas correntes ou non correntes, nas seguintes categorías:

- Préstamos e partidas a cobrar. Aqueles activos financeiros orixinados pola entidade na venda de bens e a prestación de servizos por operacións de tráfico da entidade. Os activos incluídos nesta categoría son valorados no momento do seu recoñecemento no balance ao seu valor razoable, que equivale ao valor razoable da contraprestación entregada máis os gastos de transacción que lles sexan directamente atribuíbles, sendo posteriormente valorados ao seu custe amortizado utilizando a taxa de interese efectivo.
- Os créditos comerciais con vencemento non superior a un ano, e que non teñen un tipo de interese contractual, incluídos os créditos coas administracións públicas. Valóranse polo seu valor nominal cando o efecto de non actualizar os fluxos de efectivo non é significativo.
- A entidade rexistra as correspondentes provisións pola diferenza existente entre o importe que se estima recuperar das contas a cobrar, descontando este ao tipo de interese efectivo orixinal da operación, e o valor dos libros polo que se atopan rexistradas.

Un activo financeiro darase de baixa cando expire ou se cederan os dereitos contractuais sobre os fluxos de efectivo do mesmo (cesión dun crédito), sendo requisito fundamental a cesión substancial de riscos e beneficios.

Cando non se transfire nin se reteñen os riscos e beneficios, se se transfire o control dáse de baixa o activo e se non se transfire o control recoñécese un activo polo compromiso continuo e un pasivo asociado.

Os intereses (explícitos e implícitos) e os dividendos de activos financeiros que se devengan con posterioridade ao momento da adquisición considéranse ingresos na Conta de Resultados.

Os dividendos e intereses explícitos devengados e non vencidos no momento da valoración inicial dos activos financeiros rexístraranse de forma independente na valoración inicial dos activos financeiros.



Os dividendos distribuídos que inequivocamente procedan de resultados xerados antes da data de adquisición, non se contabilizarán como ingresos, senón que minoran o valor contable do investimento.

#### b) Pasivos financeiros

Os pasivos financeiros a efectos da súa valoración, xa sexan estes correntes ou non correntes, clasificaranse nas seguintes categorías:

- Débitos e partidas a pagar: Aqueles débitos por operacións comerciais ou non comerciais de compra de bens e servizos por parte da entidade (provedores, acredores, efectos comerciais a pagar, provedores de inmovilizado, efectos a pagar, débedas a longo e curto prazo). Valóranse inicialmente polo seu valor razoable que é o prezo da transacción, máis os gastos atribuíbles.
- Os débitos comerciais con vencemento non superior a un ano, e que non teñen un tipo de interese contractual (incluídos os débitos coas administracións públicas): valoraranse polo seu valor nominal, é dicir sen distinguir nominal e intereses, cando o efecto de non actualizar os fluxos de efectivo non sexa significativo.
- Posteriormente valóranse polo custe amortizado, seguindo o tipo de interese efectivo.
- Os gastos financeiros contabilízanse segundo o criterio de devengo na conta de resultados utilizando o método do interese efectivo e se engaden o importe en libros do instrumento na medida en que non se liquidan no período en que se producen.

Non reclasificamos ningún pasivo financeiro incluído inicialmente nas categorías de mantidos para negociar ou a valor razoable con cambios en Perdas e Ganancias a outras categorías, nin de estas a aquelas.

Os pasivos financeiros danse de baixa cando a obriga se extingue ou se produce un intercambio de instrumentos de débeda entre prestamista e prestatario. Neste derradeiro caso se os instrumentos teñen condicións substancialmente distintas dáse de baixa o pasivo orixinal e dáse de alta o novo; e se os instrumentos non teñen condicións substancialmente diferentes o pasivo financeiro orixinal non se dá de baixa e se calcula un tipo de interese efectivo coas novas condicións. Entendemos por condicións substancialmente diferentes cando o valor actual dos fluxos de efectivo do novo pasivo é diferente polo menos nun 10% ao valor actual dos fluxos de efectivo procedentes do pasivo orixinal, actualizados ambos ao tipo de interese efectivo do pasivo orixinal.

#### 4.7 Existencias.

Os bens e servizos comprendidos nas existencias valoraranse polo prezo da adquisición.

Cando o valor neto realizable das existencias sexa inferior ao seu prezo de adquisición ou ao seu custo de produción, efectuaranse as oportunas correccións valorativas.

Se as circunstancias que causaron a corrección do valor das existencias deixaran de existir, o importe da corrección será obxecto de reversión.

Debido á natureza de actividade de servizos desta Fundación, non existe importe nesta partida.

#### **4.8 Transaccións en moeda estranxeira.**

Toda transacción en moeda estranxeira converterase a moeda funcional, neste caso o euro, mediante a aplicación ao importe en moeda estranxeira, do tipo medio de cambio, e do tipo de cambio utilizado nas transaccións con entrega inmediata, entre ambas moedas, na data da transacción.

Poderase utilizar un tipo de cambio medio do período para tódalas transaccións que teñan lugar durante ese intervalo, en cada unha das clases de moeda

estranxeira en que estas se realizaran, salvo que dito tipo sufrira variacións significativas durante o intervalo de tempo considerado.

A valoración posterior das partidas monetarias será aplicando o tipo de cambio existente nesa data. As diferenzas de cambio que se orixinen neste proceso, así como as que se produzan ao liquidar ditos elementos patrimoniais, recoñeceranse na Conta de Resultados do exercicio no que xurdan.

A valoración posterior das partidas non monetarias valoradas a custe histórico será aplicando o tipo de cambio de data en que foron rexistradas. Cando se deba determinar o patrimonio neto dunha entidade participada corrixido, no seu caso, polas plusvalías tácitas existentes na data de valoración, aplicarase o tipo de cambio de peche ao patrimonio neto e ás plusvalías tácitas existentes a esa data .

#### **4.9 Imposto sobre beneficios.**

O gasto/ingreso por imposto sobre sociedades contabilízase na Conta de Resultados salvo que estea asociado cun ingreso/gasto rexistrado directamente no patrimonio neto, en cuxo caso, o gasto/ingreso por imposto debe recoñecerse directamente no estado de ingresos e gastos recoñecidos.

A entidade consta no Rexistro Único de Fundacións de Interese Galego, acóllese ao establecido na Lei 49/2002, de 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado. Esta Lei no seu Título II establece o réxime fiscal aplicable a estas entidades, sinalando que as rendas exentas en virtudes da mesma non estarán sometidas a retención nin ingreso a conta mediante a correspondente acreditación. O Real Decreto 1270/2003, de 10 de outubro, indica a forma de acreditar a exención da obriga de reter ou ingresar a conta respecto das rendas percibidas polas



entidades sen fins lucrativos. A mesma efectúase mediante certificado expedido pola Axencia Estatal de Administración Tributaria, no que conste que a entidade comunicou a opción pola aplicación do réxime fiscal especial.

A Axencia Estatal de Administración Tributaria acredita a opción pola aplicación do réxime fiscal especial, anteriormente mencionado, ante quen lle satisfagan ou aboem rendas exentas en virtude da Lei 49/2002, a efectos de que non se practique retención ou ingreso a conta, sempre que se cumpran os requisitos que se establecen para estas entidades (ser declarada de interese público; perseguir fins de interese xeral; destinar á realización de ditos fins, polo menos o 70% das rendas e ingresos; non realizar actividades alleas ao seu obxecto ou finalidade en máis dun 40% dos seus ingresos; que os fundadores, asociados, os membros do órgano de goberno non sexan destinatarios principais das actividades que se realicen nin se beneficien de condicións especiais para utilizar os seus servizos; que os cargos de patrono e membro do órgano de administración sexan gratuitos; estar inscrita a entidade no rexistro correspondente; cumprimento das obrigas contables previstas nas normas polas que se rexen; cumprila obriga de rendición de contas que estableza a lexislación específica e elaborar anualmente memoria económica na que se especifique os ingresos e gastos do exercicio)

Esta memoria económica será válida para a súa presentación ante a Axencia Tributaria xa que se rixe polo RD 1270/2003, de 10 de outubro. Contén a información requirida no Artigo 3 de dito RD.

#### **4.10 Ingresos e gastos.**

Os ingresos procedentes da venda de bens e da prestación de servizos será valorada polo valor razoable da contrapartida, recibido ou pendente de recibir, derivada dos mesmo, que salvo evidencia en contrario, será o prezo acordado para ditos bens e servizos, deducindo: o importe de calquera desconto, rebaixa no prezo e similares, así como os intereses incorporados ao nominal dos créditos.

Os impostos que gravan as operacións de venda de bens e prestación de servizos que a entidade debe repercutir a terceiros como o IVE e os impostos especiais, así como as cantidades recibidas por conta de terceiros, non formarán parte dos ingresos.

Cando existan dúbidas relativas ao cobro dun importe previamente recoñecido como ingreso por venda ou prestación de servizos, a cantidade estimada como de improbable cobro será rexistrada como un gasto por corrección de valor por deterioro ou menor ingreso.

Ingresos por vendas: Contabilizaranse os ingresos procedentes da venda de bens cando se cumpran todas e cada unha das seguintes condicións:

- a) A entidade transferiu ao comprador os riscos e beneficios significativos inherentes á propiedades dos bens, con independencia da súa transmisión xurídica. Presumirase que non se produciu esa transferencia, cando o comprador teña o dereito de vender os bens á



entidade, e cando esta teña a obriga de recompralos polo prezo de venda inicial máis a os intereses normais que obtería un prestamista.

- b) A entidade non mantén a xestión corrente dos bens vendidos, nin retén o control efectivo dos mesmos.
- c) O importe dos ingresos pode valorarse con fiabilidade.
- d) Existe a probabilidade que a entidade recibo os beneficios ou rendementos económicos derivados da transacción, e
- e) Os costes incorridos ou a incorrer na transacción poden ser valorados con fiabilidade

Ingresos por prestación de servizos: Recoñeceranse cando o resultado da transacción poida ser estimado con fiabilidade, considerando a porcentaxe de realización do servizo na data de peche do exercicio. Contabilízanse cando se cumpran todas e cada unha das seguintes condicións:

- a) O importe dos ingresos valorase con fiabilidade.
- b) A entidade recibe os beneficios ou rendementos económicos derivados da transacción.
- c) O grado de realización da transacción na data de peche do exercicio, e valorado con fiabilidade, e
- d) Os custos xa incorridos na prestación, así como os que quedan por incorrer ata completala, son valorados con fiabilidade.

A entidade revisa e, se é necesario, modifica as estimacións do ingreso por recibir, a medida que o servizo se vai prestando. A necesidade de tales revisións non indica que o desenlace ou resultado da operación non sexa estimado con fiabilidade.

Cando o resultado dunha transacción que implica a prestación de servizos non pode estimarse de forma fiable, recoñécense ingresos, só na contía en que os gastos recoñecidos se consideran recuperables.

#### **4.11 Provisión e continxencias.**

A entidade recoñece como provisións os pasivos que cobren obrigas presentes á data do balance xurdidas como consecuencia de sucesos pasados dos que poden derivarse prexuízos patrimoniais, pero cuxo importe e momento da súa cancelación son indeterminados.

As provisións valóranse na data de peche do exercicio, polo valor actual da mellor estimación posible do importe necesario para cancelar ou transferir a un terceiro a obriga, rexistrándose os axustes que xurdan pola actualización da provisión como un gasto financeiro conforme se vaian devengando.



A entidade dota provisións cuxo vencemento, estimamos que, é inferior ou igual a un ano, e o efecto financeiro consideramos que non é significativo, polo que non consideramos necesario dotar ningún tipo de desconto.

A entidade recoñece pasivos contingentes, obrigas posibles xurdidas de sucesos pasados, cuxa materialización está condicionada a que ocorra, ou non, un ou máis sucesos futuros independentes da vontade da propia entidade.

Durante os exercicios 2018 e 2019 non se produciron devengo de provisións nin contingencias por ningún concepto.

#### **4.12 Elementos patrimoniais de natureza ambiental.**

Os custos nos que a entidade incorra pola adquisición de sistemas e instalación cuxo obxecto sexa a eliminación, limitación ou o control dos posibles impactos que puidera ocasionar o normal desenvolvemento da actividade sobre o medio ambiente consideraranse investimentos en inmovilizado.

O resto de gastos relacionados co medio ambiente consideraranse gastos do exercicio.

As provisións de natureza medio ambiental recollerán, no seu caso, aqueles gastos medio ambientais que á data de peche sexan probables ou certos pero indeterminados en canto ao seu importe exacto ou á data en que se producirán. En consecuencia, o importe de ditas provisións, no seu caso, corresponderá á mellor estimación posible que se poida realizar en función da información dispoñible á data de peche.

A Fundación non ten responsabilidades, gastos, activos nin provisións e contingencias de natureza medio ambiental que puideran ser significativos en relación ao patrimonio, a situación financeira e aos resultados do mesmo.

Polo tanto, non se estiman contingencias relacionadas coa protección e mellora do medio ambiente e non é necesario dotar provisións destinadas a actuacións medio ambientais.

Dada a actividade desenvolvida pola Fundación durante o exercicio 2018 e 2019, non se requiriron nin se realizaron traballos para a protección e mellora do medio ambiente. Así mesmo, ao peche do exercicio 2018 e 2019, non existen contingencias medioambientais, nin reclamacións xudiciais, nin ingresos nin gastos por este concepto.



#### 4.13 Subvencións, doazóns e legados.

As subvencións, doazóns e legados non reintegrables son ingresos directamente imputables ao patrimonio neto e se recoñecen na Conta de Resultados de forma sistemática e correlacionada cos gastos derivados da subvención, doazón do legado. Mentres que as subvencións reintegrables serán pasivos ata que se convertan en non reintegrables (polo cumprimento das condicións establecidas para a concesión ou cando non existan dúbidas razoables sobre o cumprimento futuro, nin sobre a recepción).

As subvencións, doazóns e legados de carácter monetario valorámolas polo valor razoable do importe concedido e as de carácter non monetario ou en especie polo valor razoable do ben ou servizo recibido

A imputación a resultados realizase atendendo á finalidade da concesión.

En tódolos casos o tratamento é o mesmo sexa a subvención monetaria ou en especie.

As concedidas sen finalidade específica impútanse como ingresos dos exercicio de concesión.

As correccións valorativas por deterioro de elementos na parte que foran financiados gratuitamente, consideraranse de natureza irreversible.

### III.5 Inmobilizado intanxible, material e investimentos inmobiliarios.

#### 5.1 Inmobilizado intanxible

A análise do movemento do immobilizado intanxible, durante o exercicio, amósase na seguinte táboa:

Concepto	Importe Bruto	Amort. Acumulada	Saldo
Aplicacións informáticas (web) inicio 2018	3.740,00	(3.740,00)	0,00
Entradas	0,00	0,00	0,00
Saídas	0,00	0,00	0,00
Aplicacións informáticas (web) fin 2018	3.740,00	(3.740,00)	0,00
Aplicacións informáticas (web) inicio 2019	3.740,00	(3.740,00)	0,00
Entradas	0,00	0,00	0,00
Saídas	0,00	0,00	0,00
Aplicacións informáticas (web) fin 2019	3.740,00	(3.740,00)	0,00

Os coeficientes de amortización por grupos de elementos son os que se recollen no apartado correspondente da norma de rexistro e valoración.

## 5.2 Inmobiliado material.

A análise do movemento do inmobiliado material, durante o exercicio, amósase na seguinte táboa:

Concepto	Importe Bruto	Amort. Acumulada	Saldo
Mobiliario inicio 2018	3.687,84	(3.038,87)	648,97
Entradas	0,00	(233,88)	(233,88)
Saídas	0,00	0,00	0,00
Mobiliario fin 2018	3.687,84	(3.272,75)	415,09
Mobiliario inicio 2019	3.687,84	(3.272,75)	415,09
Entradas	0,00	(99,00)	(99,00)
Saídas	0,00	0,00	0,00
Mobiliario fin 2019	3.687,84	(3.371,75)	316,09

Concepto	Importe Bruto	Amort. Acumulada	Importe neto
Equipo de información inicio 2018	8.223,14	(6.345,85)	1.877,29
Entradas	0,00	(806,52)	(806,52)
Saídas	0,00	0,00	0,00
Equipo de información fin 2018	8.223,14	(7.152,37)	1.070,77
Equipo de información inicio 2019	8.223,14	(7.152,37)	1.070,77
Entradas	0,00	(706,80)	(706,80)
Saídas	0,00	0,00	0,00
Equipo de información fin 2019	8.223,14	(7.859,17)	363,97

O total do inmobiliado material está afecto á actividade.

Os coeficientes da amortización por grupos de elementos son os que se recollen no apartado correspondente da norma de rexistro e valoración

Durante o exercicio non se producen cambios de estimación que afecten a valores residuais, aos custes estimados de desmantelamento, retiro ou rehabilitación, e métodos de amortización. Así mesmo a entidade estima que os bens de inmobiliado material non están deteriorados polo que non se recoñece ningunha perda por deterioro ao peche do exercicio.

A entidade non posúe investimentos en inmobiliado material situadas fóra do territorio español, nin posúe bens afectos a garantía nin reversión

Non existen compromisos firmes de compra ni fontes previsibles de financiamento en relación con inmovilizado material, así como tampouco compromisos firmes de venda.

Non existe ningún litixio, nin embargos ou situacións análogas sobre os bens do inmovilizado material.

A entidade non posúe bens do patrimonio histórico.

### **5.3 Invetimentos inmobiliarios.**

A Fundación non posúe inmobles coa finalidade de obter rendas (por arrendamento ou cesión), plusvalías (por alleamento) ou ambas.

